

OTERO PEDRAYO NA ACADEMIA

O 9 de Nadal celebrouse no Circo de Artesanos da Cruña a recepción de ingreso de Otero Pedrayo na Academia Galega. Como saben os nosos lectores o aito habíase efectuado uns días antes sendo aprazado debido a un accidente automobilista de que foron vítimas o noso entrañable irmán e a súa distinta dona. Milagrosa e afortunadamente o accidente non tivo lamentables consecuencias co'a natural satisfacción de todos.

À recepción asistiu unha enorme e seleita cantidade de público cheo de intrés por ouvir o traballo de Otero, que versou encol do tema: Romantismo, saudade e sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía e Pondal.

Despois de aberto o aito con unhas verbas galegas do presidente da Academia D. Eladio Rodríguez os académicos señores LUGRÍS FREIRE e CARRÉ ALDAO introduciron no estrado ao novo académico que comenzou a lectura do seu traballo.

D'el témonos que limitar a dar un lixeiro resume que por moi fidel que sexa non poderá revelar integramente a súa grandiosidade de dicción, de pensamento, de maravillosa literatura e de acertados xuízos.

Evoca a figura de D. Francisco Ponte e Blanco cuia vacante ocupa e xa de cheo no tema fai un canto maravilloso ao romantismo en verbas e conceptos que son unha ferrenza de poesía. A revolución francesa, di, foi ademais d'unha revolución política, unha nova visión das cousas, un novo sentimento dos problemas eternos espranzado e dono do porvir. No romantismo fracasa toda sacrificiación por escalas. O romantismo representa o triunfo dos valores de movemento sobre os valores de estabilidade como dixo Alberto Thibaudet falando do romantismo filosófico.

En Descartes cristaliza a fórmula filosófica do clasicismo. Realismo e nominalismo valorizan os sentidos contrarios do clasicismo

e do romantismo. A antigüidade foi realista pol-o menos na porción que influíu d'un xeito xeneral e visíbel. Ideas platónicas, teoría aristotélica do coñecemento. As ideas son universales como os xéneros e as especies. Todo saber ten de ser universal. O sentimento cristián da inmortalidade loita contra a doutrina antiga e cóstalle gran traballo trunfar. Para Leibnitz o universal non ten existencia pois toda posibilidade sómentes no individual pódese realizar. O romantismo trunfa, ou nace mellor dito, baixo o signo da individualidade. O romantismo que máis influíu nas literaturas ibéricas foi o francés.

O Padre Sarmiento no ano 1776 di que as línguas vulgares que sómentes se falan e non se escriben son eternas e inmutables e móstrase maravillado pol-a abundancia de voces puramente galegas que ouviu e recolleu en Galicia. En Galicia, di Sarmiento, non hai lingua diferente d'un lugar a outro. As enormes variedades que se atopan son do mesmo galego.

Otero fala do froecemento da nosa lingua no século XIX n'unha fermosa literatura. Dá lectura a uns párrafos do seu discurso encol d'un poeta galego fundamente romántico: Nicomedes Pastor Díaz a quen compara con Chateaubriand e di que foi un gran celta que chegou á vida demasiado cedo ou demasiado tarde. Pastor Díaz foi un moderado e lexitimista en política, un agudo entendedor da realidade europea, un poeta, un home de Estado e diplomático enamorado da Italia sin perder a saudade do Norte. Demostrou, como Chateaubriand, que os poetas sirven tamén para guiar un ministerio ou unha embaixada. Pastor Díaz antes de morrer voltou a Sant-Iago a lembrar a súa mocidade.

Entra Otero na parte do seu discurso que fala de Rosalía e aquí a súa prosa adquire matices xúrdios, expresións maravillosas que teñen ao público en suspenso. Entrar

na obra de Rosalía é como entrar ao atardecer no xardín abandonado d'un pazo. Os granitos brancos da fachada soñan co tempo xeolóxico en que eran ergueitos e pensativos peñascos na liberdade do campo, no xardín unha mau branca e sensitiva de muller galega ordenou como un tema musical o armoñoso trazado dos sendeiros, ao romper do día o reiseñor e o melro escherzan na fronda do xardín, o reiseñor quixo co seu canto preñar as estrelas e embarcarse no barco da lira, o melro, mais confiado e humorista, co seu aspecto de monxe enredador escherzando sonetos quixo ser todo o día o dono do xardín.

D'iste xeito poetiza a inmensa figura practica de Rosalía e citando diversos anacos dos seus poemas fai un canto maxistral da nosa Santa.

Pasa a falar de Pondal e lembra o seu libro «Quixumes dos Pinos» decindo que a súa poesía contén a alma inmortal da terra e da raza. Pondal, vagamundo d'un extremo a outro da Celtia sempre daba a impresión de un home disposto a camiñar. En Pondal había ansias de fundirse co'a Natureza. O celta fronte ao misterio do mundo e do seu intemo misterio.

Otero remata de lêr e o púbrico verdadeiramente entusiasmado tribútalle unha ovación como poucas veces temos ouvido.

O esquema que antecede non pode refrexar a calidade do traballo. Somentes os que tiveron a sorte de ouvi-lo, e non compreto pois Otero non léu mais que varios anacos, saben a grandeza que encerra.

Vai ser publicado por «Nós», n'un libro que terá de acadar enorme éxito pois trátase de algo formidabile que dá esplendor e gloria á nosa literatura.

Contestoulle Vicente Risco que fixo un rematado estudo da persoalidade de Otero nos seus diversos aspectos de literato, xeógrafo, poeta, dramaturgo e pensador. Citou e comentou os libros de Otero e falou da súa si-

A NOSA TERRA

ñificazón galeguista e galeguizante. Falou tamén do romantismo e da renascencia galega encetada no ano 16 pol-as Irmandades da Fala. Foi tamén querendosa e largamente apraudido.

Ao final do aito foron innumerables as felicitacións que recibiu Otero e as gabanzas que o púbrico fixo do seu traballo.

—

Namentras durou a estancia de Otero Pedrayo na Cruña manifestouse as simpatías e agarimos con que conta e as habitacións do Palace Hotel onde se hospedaba estaban a todas horas ateigadas de xente que foi a felicitalo pol-o bon resultado do accidente, a intresarse pol-o seu estado e pol-o da súa distinta dona.

A NOSA TERRA, de quen Otero é un irmán preferido, agradece tamén o intrés e o cariño demostrado pol-a saúde do noso entrañable compañeiro e envíalle a il a expresión do enorme e terno cariño que lle profesa.

—

Ao seguinte día da recepción foron ousequiados Otero e Risco c'unha comida íntima que estivo moi concurrida e na que se falou de moitas cousas de intrés para Galicia.

—

A Academia galega anunciou xa catro vacantes producidas por ausencia de outros tantos señores que foran nomeados.

Nós temos que pedir á Academia que teña moito tino na elección dos substitutos. Que sexan homes que teñan acreditado d'abondo unha labor literaria fundamente galega deixando de mán amistades e compinchadas indinas da seriedade e finalidade da Academia.

Non deixe d'adequerir

SEGUNDO LIBRO DE COUSAS

por CASTELAO